

## CONVOCATORIA DE 10 CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN A TEMPO PARCIAL DIRIXIDOS A ALUMNOS DE MÁSTER NO CiQUS

O Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) oferta **dez (10) contratos** a tempo parcial para o desenvolvemento de tarefas de iniciación a investigación en liñas de traballo cooperativas ou de interese estratéxico para o CiQUS. A oferta está especificamente dirixida e limitada a alumnos de máster que vaian a desenvolver o seu traballo fin de máster no CiQUS, baixo a dirección dun profesor ou profesora adscrito/a ao centro.

Esta convocatoria enmárcase no programa estratéxico do CiQUS e, como tal, está cofinanciada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (acreditación de Centros singulares de investigación de Galicia 2016-2019, ref. ED431G/09) e por FEDER.

### OBXECTIVOS

De acordo cos obxectivos e coas liñas de acción aprobadas no **Programa Estratéxico Científico do CiQUS**, a presente convocatoria de contratos pretende:

- Incentivar a incorporación de recursos humanos para o desenvolvemento de liñas de investigación de interese estratéxico para o centro
- Incentivar o desenvolvemento de liñas de traballo prioritarias e de alto impacto, así como liñas de investigación cooperativas
- Contribuír á atracción de estudantes de posgrao de alto nivel

### CARACTERÍSTICAS

- Contratos de investigación a tempo parcial (15 h/semana) compatibles co desenvolvemento do programa formativo que estean a cursar as persoas contratadas.
- Cada un dos contratos levará asociada unha retribución económica de 650 euros/mes (brutos).
- Os contratos terán unha duración máxima de **nove meses** a contar desde a data de inicio (estimada 1 de novembro de 2017).
- O traballo a realizar polos contratados centrarase no desenvolvemento de tarefas de iniciación á investigación, preferentemente en liñas de actuación definidas no proxecto estratéxico científico 2016-2019 do CiQUS. As funcións específicas de cada un dos contratos serán as asociadas á liña de investigación correspondente e poderán incluír a síntese, illamento, caracterización e/ou estudo (experimental ou teórico) de compostos ou procesos químicos, biomoléculas ou materiais.

### NÚMERO DE CONTRATOS

**10 Contratos** vinculados á actividade *Centros singulares de investigación de Galicia e Agrupaciones Estratéxicas Consolidadas - CiQUS* (Ref. ED431G/09).

### REQUISITOS DOS CANDIDATOS

*Académicos:*

- Licenciatura ou Grao en Química, Farmacia, Bioloxía, Física ou equivalente.
- Contar no expediente académico cunha nota media igual o superior a 7
- Estar matriculado nos estudos de Máster oficial na USC no curso 2017/2018, e ter solicitado o Traballo Fin de Máster (TFM), que desenvolverá nun dos laboratorios do CiQUS, baixo a dirección dun investigador adscrito como Investigador Principal ao centro.
- Antes de asinar o contrato, os candidatos seleccionados deberán acreditar que teñen asignado o TFM baixo a dirección dun profesor adscrito como IP ao CiQUS.



*Outros (para a formalización dos contratos):*

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.

**SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

Os candidatos deberán cumprimenta o [formulario de solicitude online](#), ao que achegarán a documentación indicada a continuación:

- Copia escaneada da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos e a cualificación media (escala 0-10). As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego.
- Copia escaneada do xustificante de matrícula no Máster no curso 2017/2018.
- Copia escaneada do formulario de solicitude de TFM que o solicitante teña presentado ante o responsable académico do máster. Os candidatos que resulten seleccionados deberán presentar no seu momento, antes de asinar o contrato, unha acreditación do TFM que ten asignado, asinada polo coordinador do máster, con indicación do(s) seu(s) director(es), e copia do correspondente proxecto.
- Copia escaneada da documentación xustificativa dos méritos alegados.
- O prazo para a presentación de solicitudes remata ás 14 h do 6 de outubro de 2017.

**SELECCIÓN DOS CANDIDATOS**

- A selección dos candidatos levarase a cabo pola Comisión Asesora Interna do CIQUS, co apoio dos Técnicos de Promoción de I+D do centro.
- Os méritos que se valorarán como criterios de selección serán os seguintes:
 

|                                                                                                             |               |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| o Expediente académico:                                                                                     | ata 10 puntos |
| o Outros méritos de investigación (artigos, etc.):                                                          | ata 1 punto   |
| o Informe do director de TFM proposto (o recabará a Dirección)                                              | ata 1 punto   |
| o Adecuación ás prioridades científicas do CIQUS, establecidas no seu Plan Estratéxico Científico 2016-2019 | ata 1 punto   |

En Santiago de Compostela, a 11 de setembro 2017

O DIRECTOR CIENTÍFICO



Asdo.: José Luis Mascareñas Cid

A DIRECTORA ADXUNTA



Asdo.: Mª Dolores Pérez Meirás